

A HERDANZA DA LINGUA

O GALEGO DE ASTURIAS, LEÓN,
ZAMORA E CÁCERES

I.S.B.N.: 84-87987-55-9

Depósito Legal: VG-1.103-2004

© REAL ACADEMIA GALEGA, 2004

Producción: Editorial Galaxia, S. A.

Impresión: Obradoiro Gráfico, S. L., Polígono Industrial do Rebullón, 52-D (Puxeiros) - MOS

REAL ACADEMIA GALEGA

A HERDANZA DA LINGUA

O GALEGO DE ASTURIAS, LEÓN,
ZAMORA E CÁCERES

SESIÓN CELEBRADA NA REAL ACADEMIA GALEGA
O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2004,
COA INTERVENCIÓN DOS ILUSTRÍSIMOS ACADÉMICOS
CORRESPONDENTES

DON CARLOS XESÚS VARELA AENLLE,
DON HÉCTOR M. SILVEIRO FERNÁNDEZ,
DON FELIPE LUBIÁN LUBIÁN
E DON DOMINGO FRADES GASPAR

E DO ACADÉMICO NUMERARIO
EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI



A CORUÑA
2004

A INOCENCIA DA LINGUA

CARLOS XESÚS VARELA AENLLE

A maioría das veces é a Terra onde naces ou onde viviches a que forma parte dun xeito especial da túa propia vida, é esa Terra que el envolve todo. Desde neno mamei el leste lugués, un tempo muito diferente al de agora e que sei que nunca volverá. Nacín nuha aldea na que non había cabazos, senón horros asturianos, nos primeiros tempos era imposible que lle dese importancia a aquel feito. Pouquín a pouquín fun medrando, a relación coa familia materna fíxose cada vez máis intensa e eran os avolos os que marcaban el xeito de vivir nuha sociedade fortemente tradicional.

A mía curiosidade por saber facíase cada vez maior, sempre me prestou saber das mías orixes, preguntaba e preguntaba e aparecían apelidos que compartían uha raia entre terras que non separaban nada, eran os Ron dos Ozcos, os Rocha, os Aenlle, os Sierra de Santiso e tantos outros. Daquela e inda hoi non existía tal raia, os vales continuaban e as familias relacionábanse lutando contra os montes e as fragas. Pra eso valían os camiños que rodeaban as veigas dos ríos ou cruzaban as serras polos cordais. Eran tempos de andar a cabalo ou a pé, que podían durar máis dun día, pero sempre se chegaba al destino.

As feiras de Taramundi, onde meu tío nos acollía, representaban pra un pícaro uha xeira nova; así vin facer desde a primeira inocencia as navallas e os cuitelos e ver funcionar os mazos e os molíos. Enchíame de paisaxe, de serras bravas onde a uz reinaba, das ozcas entre montañas, de regueiros a montois, dun ceo en moitas ocasións gris, de leiras en abertal, de cortíos con abellas, de seimeiras caendo desde os penedos, de teitos de palla de centén, de abanigar el vento as árbores, de tantas e tantas cousas...

Daquela el mundo interior dos homes e mulleres era máis rico, contábanse contos, lendas, bulía a xente e con ela tamén os nenos. Comencei a conocer os animais, as árbores e as plantas. A mía Terra, cavilaba eu que era mui rica, que non existía outra que tivese tantos carballos, acivros, ameneiros, binteiros ou especialmente sofreiras ou érbidos. Tería na vida que ser forte como un boxe.

Peró el destino xoga de xeito distinto, despós de encherme de lama, augua e vento, este levaríame a outras terras na rodeada. Eran terras de mar, de ría, de lanchías, de botes, de mariñeiros, doutros olores, doutras xentes...

Xa non era a aldea del interior, xa era uha vila mariñeira, de casas feitas na pedra que se adentraba no mar, unde a igrexa coel sou louzado azul negro cofaba el ceo gris, era el Castropol das familias distinguidas, peró tamén das humildes que ganaban el pan salindo todos os días cos barquíos fóra da ría, eran as mariscadoras de aguillolos e carneiros, de redeiras.

Inda así conseguía desde a casa ver a ría, os barcos pasar, peró tamén as vacas pacer nos prados. A xornada diaria pasábase practicamente na escola, nesas escolas unde os pupitres eran de madeira, con tinteiro de louzo, con neníos que viñan de lonxe, de zonas que eu escribía na mía libreta, peró que non sabía nin situar nun mapa. Sabía que muitos delos cerca das súas casas iban a caballo ou a pé varios quilómetros, eu víalos como parte dun mundo desprotexido e inocente.

Al ameicer sabía que eles estaban alí. Sempre me acordarei como me ataban os amallos dos zapatos cuando choraba ou cuando poíamos figurías na terra cubertas con cristais. Se cuadra os veraos eran a estación máis leda pra un neno ou un rapaz, había outros olores, a escola tía outro aspecto, as corredoiras enchíanse de silvas e el sol brillaba sobre as moreiras del patio. Eran inlatres de praia, de arena, de castelos que se desfacían, de augua salgada del Cantábrico, de paseos á Veiga á beira del Suarón.

Sabía que fóra daquela vila que me facía enreizar, había outros mundos, uha lingua que unía, que non xebraba nada e que servía pra que a xente expresase nela os sous sentimentos, el sou amor e tamén el sou odio.

Eran tempos de montes guardados, de ríos con truitas, de terras de laboría, de traballo forte, de leiras semadas de centén e meiz, de recolletas de ouca nos ribeiros del mar.

Casas con teito de palla, carros con rodas cantareiras, mulleres enlutadas de negro, de labradores, mariñeiros, ferreiros, arrieiros, costureiras, xastres... Muitos emigrarían, us mui lonxe, prás Américas, outros a Europa e os máis delos ás minas e fábricas da Asturias central, a Barcelona ou a Euskadi.

A mía familia non foi tampouco uha excepción, a emigración pra outros lares produciuse nuha das etapas máis sensibles, na adolescencia. Sendo xa rapaz decatábame que meus pais falaban uha lingua e fóra ouguía outra, e así comenzaba a amar uha lingua que traspasaba fondamente el río Eo, que sabía que cruzaba mesmo el Navia e que uhas serras facían fronteira con outra xa distinta, que desde tempos vellos el galego non era solo patrimonio de Galicia senón da Nosa Terra, da comarca máis occidental das Asturias, del Eo-Navia.

Sorprendíame muito como estando noutras terras podía ter a mesma lingua, falar cun amigo de Ibias e sentirme como se fose da mía familia de sempre. Era a consciencia xa da importancia duha afinidade cultural, duha lingua, dus sentimentos expresados en común.

Sabía tamén que muita xente en Galicia non o sabía, que descoñecía que os galaicos del vello Conventus Lucensis sentían nuha lingua común que iba desde el Frexulfe al Miño.

Mais cuidaba que tía que haber xente coma min e así era, axina soupen que outros eonaviegos luitaban pola súa conservación e presenza, que existían valedores da lingua galega no Eo-Navia que con todo en contra decidiran recoller el lume acendido doutras figuras de tempos pasados como Armando Cotarelo Valledor, Antolín Santos Mediante ou Conrado Villar Loza.

Formaron uha asociación, a Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca (MDGA) e Benigno Braña púxose al frente. Foron tempos duros, pero os logros pagaron a pena. El galego xa tía un sito en Asturias e estaba ben representado, gozaba e goza dun número bon de falantes e é uha lingua de arreo usada polo pobo a pesar da incomprensión de tantas instituciois e dalgús sectores aos que a historia non absolverá.

Seguiron anos de luita, de reconocementos parciais, de pequenas batallas ganadas, de acertos e desacertos; pero eí quedou toda uha obra cultural, que hoi outros seguimos e que gracias al reconocemento que neste día me fai a Real Academia Galega, vai ter presenza con todos os deretos, pero sen dexar de constar que inda que el meu nomeamento seña individual, considérome agradecido e parte duha colectividade que luita e vive coas mesmas palabras da lingua de Rosalía e, en especial, pra esos neníos que inda hoi siguen mamando a lingua galega entre a Serra del Rañadoiro e el río Frexulfe camín del Mar Cantábrico.

DOS MEGOS NOS SOUTOS

HÉCTOR M. SILVEIRO FERNÁNDEZ

De cando eu era neno, de entre as néboas nas que hoxe se atopa o paraíso da propia infancia, preséntaseme con forza o recordo da escola onde eu escoitaba o galego, non a mestres, senón a outros nenos compañeiros de pupitre e amigos. Vilafranca é unha vila e como en moitas das vilas de Galicia a presenza do castelán é incontestable. Aínda así o meu pai educouse nunha casa galegofalante, pero, no meu caso, foi na escola e cos nenos, onde percibín, por vez primeira e de forma consciente, a problemática lingüística, con aqueles compañeiros da clase que cando remataba o horario escolar non ían para casa, porque residían obrigatoriamente na “Escuela Hogar”. Moitos sábados pasei xogando con eles nun patio de cemento baixo a bandeira vixía do réxime que impedía a súa escolarización preto da casa e que impedía cultivar tamén con dignidade a súa fala. Lembro que cando lían o castelán co seu acento natural “can-ta-ba-mos”, eran castigados ferozmente, pero non por iso deixaban de usar a súa fala, que era como un parapeto de autodefensa fronte á incompreensión e á ignorancia dos educadores. Na aula escoitábase permanentemente nas conversas de mesa en mesa ese código que me fascinaba: “Oes, teis aí as contas”.

Hoxe aqueles “ninos” son adultos que seguen utilizando a súa lingua con orgullo. Eu hoxe fálolles tamén en galego, e cando os vexo na vila, en Pumarín ou Canteixeira, creo que lles estou axudando a restituír a dignidade da que foron privados cruelmente de nenos. Escoitar galego de neno bastoume para intuír o seguinte paso, mais hoxe, na vila que me veu nacer, é raro manter unha conversa en galego con alguén máis novo ca min. Quizais a maxia da gaita e das festas patronais recentes provocaron que Susana, unha rapaza de doce

anos, nos cuntara, aos meus compañeiros gaiteiros e mais a min, a historia “dos ladrois da Pena do Seo que querían roubar a Virgen”, un relato da tradición oral de Cadafresnas. Xunto a Susana, que se estreaba aquel día coa gaita, palpábase a presenza imprescindible da súa nai, da que mamara, e do seu avó, que lla contara moitas veces.

Das conversas con interlocutores bercianos do século XVIII, Sarmiento anotou vocábulos que evidencian ese elemento esencial da idiosincrasia berciana que é a súa diversidade cultural, deixando tamén constancia do uso do galego nada anecdótico nos documentos medievais dos mosteiros máis emblemáticos da bisbarra. Da lingua oral do século XIX, Antonio Fernández y Morales bebeu para editar os seus *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, pois, segundo el mesmo asegura, é o idioma utilizado no trato diario “entre las masas, no por eso desconocido ni desdeñado por las personas que forman la clase distinguida de la sociedad del Bierzo, por más que en sus relaciones y trato entre sí se sirvan exclusivamente del idioma castellano”. É importante destacar que a nosa lingua non estaba mal vista polas clases elevadas; pero dende a data sinalada do noso peculiar Rexurdimento, o ano 1861, ata a actualidade producíronse cambios sociolingüísticos dignos de mención. Impórtanos saber, agora si, cal é voz e a conciencia dos propios galegofalantes e qué é o que pensan da súa lingua.

Durara pouco tempo aquela Provincia de Vilafranca que unía a comarca berciana con Valdeorras despois das guerras napoleónicas. Logo o Bierzo sería vítima manifesta dunha división provincial de gabinete, a do ano 1833, que asenta lentamente na conciencia popular unhas fronteiras, as da Provincia de León, que van atopar como aliada decisiva a bonanza económica do Bierzo mineiro a mediados do século XX. Por eses anos, lingüistas como Dámaso Alonso levantan acta de novo da diversidade de linguas e á vez comeza a perfilarse un sentimento comarcal emerxente. Os máis novos autoprocíamense “bercianos” fronte á concepción do Bierzo dos máis vellos, naturais da Somoza ou de Oencia, que consideran o Bierzo un lugar “vecín” e expresan a súa identidade dicindo: “falamos galego, pero pertencemos a León”.

No ano 1989 no I Congreso da Cultura e Lingua galegas de Asturias, León e Zamora, unha das primeiras e clarificadoras postas en común sobre o tema, esa xeración do bercianismo monolingüe, xordo e rancio da

época franquista era definida como a que “ignora e deixa languidecer o galego, sen que ninguén entenda que esta lingua tamén é patrimonio do Bierzo”. Esa visión chegou a plasmarse nos primeiros Estatutos da Comunidade Autónoma de Castilla y León ao eludir por completo calquera referencia á diversidade lingüística no Bierzo ou nas Portelas, visión que acabou estoupando, saltando polos aires e facéndose anacos moi a pesar das “forzas vivas” que a defendían.

No meu caso o estoupido foi entre doce e tristeiro. Veu da mao da gaita, ese instrumento da conciencia sonora do pobo que non sabes se chora ou canta, que me levou a reencontrarme de cheo coa miña cultura na adolescencia. Daquela vin como se emocionaba o meu mestre Isidro, o vello gaiteiro do Soutelo de Trabadelo, cando fixemos a paradiña debida diante da súa casa o día que, despois de fundarmos a Escola de Gaitas, ocupabamos o seu lugar tocando detrás dos xigantes e cabezudos. Así pasei de comprender a funcionalidade da cultura tradicional, a defender o noso patrimonio e, especialmente, unha tradición das máis vellas no Bierzo, a da fala.

Diversas foron as iniciativas que pouco a pouco foron consolidando un movemento capaz de “espertar” aos bercianos e que comezou conscientemente a reivindicar un cambio no tratamento da cultura e da lingua no Bierzo. Nos anos 80 do século pasado houbo pronunciamentos nos colexios, lugar onde se vivía de xeito dramático a problemática lingüística, para impedir que moitos nenos enmudecesen ao se escolarizar. Pouco despois, cara o ano 1990, nacería a Mesa pola Defensa do Galego no Bierzo, froito da posta en común de diversas experiencias de mestres e colectivos como a propia Asociación Cultural “Escola de Gaitas de Vilafranca” que, seguindo a traxectoria da MDGB, pasou a organizar as Xornadas da Cultura e Lingua Galegas no Bierzo, editando á vez as memorias, cunha compoñente reivindicativa importante. Isto influíu decisivamente tamén na evolución do Instituto de Estudos Bercianos, un referente cultural no Bierzo, que no ano 1996 convocaría o Simposium das “Linguas na fronteira” que permitía unha adecuación do seu discurso cara á sociedade berciana. Outras fronteas foron abertas tamén nos 90 por colectivos de máis recente creación, como Fala Ceibe, que coa súa presenza na prensa, escritos ás autoridades e campañas nos centros de ensino provocaron,

en última instancia, a reacción das institucións públicas. Esta reacción da administración foi moi positiva, a pesar de ser de aplicación claramente lenta e insuficiente.

A aprobación no Parlamento español da introdución do galego nas escolas do Bierzo dáse cando a baixa natalidade e a despoboación de núcleos rurais reduciu ostensiblemente o número de nenos galegofalantes. Confirmou, iso si, a urxencia e a necesidade que manifestaban mestres e pais dez ou doce anos antes, cando o Consello Escolar de Vilafranca solicitaba xa esa introdución, e mesmo sufriu por parte da Dirección Provincial de Educación de León a prohibición fulminante dun obradoiro de galego que se estaba impartindo motu proprio.

Mais era imposible impedir a presenza do galego nos centros de ensino dun xeito ou doutro, tanto no traballo interno dos profesionais da educación a través das revistas escolares como *A Curuxa* de Corullón, como nos materiais didácticos relacionados coa Festa dos Maios, editados á iniciativa da Escola de Gaitas. Presente tamén nas visitas aos colexios que puntualmente realizamos cada primavera desde o ano 1986 para dar a coñecer a tradición dos maios no noso idioma a nenos que, en gran parte, non usan o galego, pero que están afeitos a escoitalo. Así comeza un longo proceso de proximidade e simpatía que mesmo a TVG alimenta a diario facendo máis doado o contacto dos nosos nenos, e dos non tan nenos, coa lingua normativa. Hai uns anos era interrogado polos rapaces que me acompañaban a recoller os “mazandois”, as plantas para facer os maios, e, como é costume nesta terras, contesteilles con outra pregunta:

—E logo, ¿vosotros non escoitais galego nunca?

—Si, pola tele de Galicia e ó meu abuelo —asegurou un deles cun certo ton de obviedade e satisfacción.

Tamén nos institutos prendeu a chama da reivindicación e, quen o diría, foi precisamente en Ponferrada onde unha morea de sinaturas de mozas e mozos bercianos solicitaban no curso 1997-98 o galego como materia optativa. Non tardaron a Xunta de Galicia e a Junta de Castilla y León en asinaren tamén o seu “compromiso” que á súa vez forzou un relativo cambio no tratamento legal da diversidade lingüística no propio estatuto castelán-leonés. Aínda así, tiveron que escoitar a reprimenda do Procurador do Común, unha especie de Defensor do

Pobo da Comunidade, por intentar diminuír a repercusión e a boa acollida da introdución do galego nas escolas bercianas. Claras e manifestas deficiencias que o asunto aínda presenta hoxe, pois impártese unhas horas de Coñecemento do Medio en galego, pero non da materia de Lingua Galega. Observación e queixa que nos fan chegar os pais dos nenos e nenas que escollen a optativa de galego, pensando que no currículo dos seus fillos esta experiencia educativa tería recoñecemento legal pleno.

Na administración local houbo singulares fitos que se deben reseñar. Tiveron grande eco en prensa tanto as investidas do alcalde de Balboa, o primeiro en facer o seu discurso en galego e, a pesar de seren simples anécdotas, as diversas ameazas de anexión a Galicia por parte de veciños ou edís dirixidas contra as autoridades autónomas. Pero a máis singular reivindicación dun concello e a máis consistente foi a protagonizada no ano 2001 por un meu vello compañeiro no instituto. Este concelleiro da Veiga de Valcarce logrou o apoio unánime da Alcaldesa e o grupo de goberno para aprobar certas demandas económicas esenciais para o futuro do concello intimamente ligadas ás reclamacións lingüísticas: a cooficialidade do idioma galego no Concello e o recoñecemento da toponimia local.

Cando no ano 2002 a Real Academia Galega decide homenaxear a Sarmiento no Día das Letras Galegas, tomaron corpo cada unha das accións puntuais que se viñan realizando ata ese momento, e abriuse definitivamente a necesidade da continuidade e permanenza das iniciativas a prol do galego para o que puxemos en marcha a Comisión Cultural “Martín Sarmiento”. E ao presentarse no teatro vilafranquino a celebrar, por vez primeira fóra da Galicia administrativa e en territorio galegófono, o acto central do Día das Letras Galegas, a Academia fixo o feito de falar en galego importante e prestixioso para centos de ninos do Bierzo. Naqueles días nas escolas de Vilafranca, tamén as de Corullón, Ponferrada ou Cacabelos o galego era noticia e mestres e asociacións falaban de novo galego e falouse con dignidade, con orgullo, con sentimento da nosa cultura, e cando digo “a nosa”, digo algo que para o Bierzo ten xa un claro sentido de propiedade histórica e patrimonial. Sarmiento é unha figura da que ninguén renega, que todo o Bierzo reivindica como propia á vez de galega. Fí-

xose evidente para moitos bercianos que o galego era parte da súa cultura. Todo un argumento de autoridade.

Non é estraño que na administración comarcal se dera tamén naquel momento un salto cualitativo á hora de referirse ao galego. O recoñecemento da lingua por parte do Consello Comarcal e tamén o apoio á súa introdución nas escolas, un espazo tradicionalmente vetado á fala dos veciños, é a confirmación de que algo está cambiando na mentalidade colectiva dos bercianos que asumen, cada vez en maior número e convicción, o feito de que o galego é parte do seu rico e prestixiado patrimonio. Hai uns días recibía un correo dun mozo que me dicía: “Tiven que estudar filoloxía para comprender a poesía que saía da boca da miña avoa”. Un día ela que, non saía da vila, dixéalle: “Ya son vella e non sei nin falar nin nada”. De nada serviu que lle dixera que ela si sabía falar, que falaba galego. Daquela, confésame, espertou a súa conciencia ao entender “que o único que faría que a miña avoa asumise a súa lingua como un feito cultural de singular fermosura era que os seus netos, mozos e universitarios, falasen galego”. Esta “cíber-testemuña” revela a transcendencia do feito educativo para superar as barreiras tradicionais que impiden o seu desenvolvemento natural e que moitos falantes, como esta avoa, se autoimpoñen. Logo de vinte e tres anos da existencia da Escola de Gaitas, se algo cambiou foi precisamente que cada vez son máis os que entenden que o galego debe aparecer vivo en lugares distintos da casa, das adegas, das rúas e que se presente en espazos antes inaccesibles.

Agora ao personalizarse en catro persoas do denominado galego exterior o interese da Academia e dos galegos, polo estudo, a conservación e difusión desta parte sustancial da Galicia Cultural, asumo esta grande responsabilidade, sempre tendo presentes os verdadeiros protagonistas desta iniciativa, que son milleiros de falantes, avós, pais e netos, que viven unhas condicións de práctica indefensión dos seus dereitos lingüísticos e culturais, que bercianos e galegos estamos obrigados a defender para garantir o seu futuro, obrigados a conservar ese tesouro que souberon preservar ata hoxe, a pesar da fronteira e das barreiras que eles atravesan a diario no seu ir tirando. Esa cultura e lingua inseparables que deben ocupar o espazo que lles correspon-

de tanto no Eo-Navia, como no Bierzo e nas Portelas e tamén no Val do Ellas. Quixera finalmente, a proposta da Comisión Cultural Martín Sarmiento, crear o compromiso de erguer de novo a casa natal do Pai da Filoloxía Galega en Vilafranca do Bierzo, propiedade da Xunta de Galicia e da Junta de Castilla y León, para que sexa sede dun Centro para a Normalización Lingüística do galego fóra das fronteiras administrativas de Galicia, símbolo e compromiso eficaz cos falantes do galego destas zonas, da súa historia e a súa situación por normalizar no presente e por coidar no futuro. Vencer a inercia e a resistencia do costume da sumisión da lingua propia ao ámbito familiar e veciñal é un labor complexo que precisa planificación e regularidade. A defensa da diversidade debe ser unha constante para facer tamén dela un costume.

E, aínda que hai moito por facer, é o momento de erguer a esperanza para os bercianos e os galegos que aman a súa cultura, esa que repousa na chancela dos castañeiros e que se agocha coas palabras no fondo dos megos nos soutos cada outono. Esperanza de que se abran camiños cara adiante cos pequenos e humildes pasos que supoñen que Susana, a rapaza de Cadafresnas nos seus ensaios fale a súa lingua materna con Marisa, a súa mestra de gaita, e que os internautas ancareses no seu foro e na súa lingua traian a memoria con cariño o fiandón en casa de Angustias, que en paz estea, ou que a asociación ecoloxista A Morteira se presente en público cun almanaque do ano 2005 editado polo Consello Comarcal onde as árbores centenarias como o Campano de Vilar ou o Mirandelo de Pobladura, aparezan cos nomes que os seus veciños de toda a vida usan. Esperanza grande tamén porque, na situación actual e futura do galego no Bierzo, non se poderá deixar de sinalar o papel tan destacado que está xogando a Academia Galega á hora de prestixiar un labor que precisaba recoñecemento, un recoñecemento que chegase á sociedade berciana e que fose clave na recuperación da cultura e da lingua dos nosos maiores, sinais ineludibles da nosa personalidade cultural, que parecen saír así definitivamente do curruncho máis fatídico do ser humano que é o esquecemento. Creo que isto mesmo sentirán hoxe moitos galegos, e moitos bercianos, e tamén os meus compañeiros Carlos Varela, Felipe Lubián e Domingo Frades, cos que me alegra compartir a honra e a responsabilidade que a Real Academia Galega deposita en nós.

A CARRIXA NO CASTAÑEIRO

FELIPE LUBIÁN LUBIÁN

No século pasado, alá polo cincuenta e dous, un día de inverno andaba no prado do Brito Lola, a do tío Perfeuto, que casara ano e medio antes co fillo do muiñeiro.

Andaba furgando no terrón cun coitelo ferruxento, a sacar leiturgas para os porcos. Cuando encheu o saco ata os topes, botouno ás súas costas, sen albarda nin cangallas, camiño da casa.

Pola noite, cuando inda lle faltaba un día para saír de contas, presentouse de supetón no mundo este galego falador ao que chaman algúns exterior e outros extremeiro, por ter nacido alá nos lindeiros dunha desas raias que tan avezados estamos os humanos a esgaravellar nos mapas e nos territorios.

Non son home de raias. A min sóbranme as fronteiras: os carballos son carballos eiquí e alí. Nin crencha me fago ao peitearme, que non quero pelexas entre as canas da esquerda e as da dereita, ou as de adiante coas traseiras. A nosa cultura non sabe de raias tampouco. Chega ata onde lle dan os folgos.

Certo é que comemos o polbo á feira unicamente os días de Tuíza, cuando nolo leva a Chata de Verín. Mais non é menos certo que, á falta de polbo, hai naquelas serras quen sabe aviar a chirouvía cos mesmos aliños, e sabe que rabia.

—Que é? Rapaz ou menina? Neno ou meniña? —debeu preguntar alguén daquela.

—Unha carrixa. Non é máis ca unha carrixa. Unha carrixiña en pe-lotas.

O avó sempre tiña nos beizos, naqueles beizos cuarteados por mil chuvias e xeadas, ao lado da sempiterna cabicha de “librillo” e “cuarterón”, as palabras máis cheas de senso.

Aquela carrixa, que era carrixo, xa desde o primeiro intre no que a mamila calou o seu choro, mamou a galeguidade con deleite. Como todas as carrixas que mamaban daquela naqueles lombeiros.

O castelán aprendímolos na escola cun mestre galego que só falaba castelán. Na longa noite de pedra, con permiso de Celso Emilio Ferreiro. Mais aquel mestre de Maceda que soamente falaba castelán, nunca puxo impedimento ningún para que os rapaces falaran a súa lingua entre eles, dentro e fóra da escola.

Era trasdantonte.

Pero antonte, cuando a carrixa encetou a escritura en galego, deron en espurriren ducias de trasgos que andaban agarbados.

—Galego? Non é galego a fala de Lubián. É asturleonés. O esperpéntico señor Lubián non sabe o que fala. Non sabe o que di.

—Crebanta a Constitución Española cuando fala esa fala no concello, cuando a escribe nos bandos de rexedor. Ata chegou a amosar a afouteza de replicar nesa xaropa que el di que é galego nun diario de Zamora a un leonesista resabido.

—Esperpéntico, señor Lubián. Dous puntos. Toda a xente da súa aldea di que o que falan non é galego.

—Non. Nós non falamos galego. Nós falamos mal. Falamos unha mestura de galego, portugués e castelán.

Hai moito que facer pola nosa cultura. Nas Portelas e mais en Galiza. Nas Portelas hai que matar dunha vez ese complexo de inferioridade lingüística. En todo o territorio de cultura galega imos ter que valorizar e revalorizar o noso xeito de falar, respectando as variantes. Pero o que máis precisamos nas Portelas é un feixe moi grande de autoconsideración, para tomar un mangado cada día.

Antonte sentínme como a carrixa máis cativa no máis inmenso castañeiro nunha noite de airada.

“Lubián, o señor Lubián, anda a facer o parvo. Eiquí ninguén o toma en serio. A súa careta de galeguidade dana o seu perfil político. E ninguén o escoita en Galicia, alí non se lle fai caso ningún”, escribía antonte un xornalista nun diario zamorano.

Pero onte inda foi peor.

Na escola de Lubián os rapaces e rapazas deste lugar e mais de Barxacoba, de Chaos, das Edradas, de Vilanova da Serra, da Teixeira e de

Hermisende tiveron que renunciar a falar o seu idioma. Un mestre galegofalante, que di que non é galego o que fala, deu en castigalos por falaren galego na escola.

—*Copia doscientas veces: “En la escuela sólo se habla castellano”.*

—E logo non podemos falar tampouco en inglés?

—*En inglés, sí. Sólo en castellano y en inglés.*

Entonces foi cuando no comedor escolar, xestionado polo concello nunhas dependencias da propia escola, apareceron dous carteis que inda se conservan:

Enriba da porta pon SALA DE XANTAR.

E na parede frontal do comedor: AQUÍ SÍ PODES FALAR GALEGO.

Nesta nova tirapuxa entrou tamén un xornalista dun diario de Ourense coa mensaxe de que os de Lubián debemos conservar a nosa fala sen deixarnos deturpar por Galiza, porque o noso galego é o “máis puro”.

O mestre galego falador que di que non é galego o que fala berrou: “Que non nos galeguicen!” El, que fala desa xaropa de castelán, portugués e galego. El, que di querer conservar a súa xaropa, privando os nenos da fala galega.

—Non nos galeguice, señor Lubián. Que a súa mai non o ensinou a dicir “lúa” nin “neno”. A Lola ensinoulle a dicir “rapaz” ou “a carrixa no castañeiro”.

Pero, señorías, non estamos castelanizados ata as mesmas asaduras? Pois ben, por se a miña fala tivera algo de mestura, deixen os trasgos que transite libremente o meu dereito a aportuguesarme e a galeguizarme deica os miolos dos meus ósos.

A min Lola non me aprendeu a dicir “lúa” nin “neno”. Certo. Pero tampouco me ensinou “obsoleto”, nin “eyaculación”, nin “sublimación regresiva”, nin “externocleidomastoideo”.

Por sorte marchou o mestre xaropeiro para unha escola da capital. Alá ben vai.

Volveu á escola de Lubián aquela liberdade infantil que nós xa tiveramos na longa noite de pedra.

E hoxe estamos eiquí, no máis sagrado templo da cultura, como diría Unamuno. No máis sagrado templo da cultura galega. O nomeamento deste humilde académico correspondente foi recollido en

primeira plana polo diario de máis tiraxe de Zamora. Dous días seguidos trataron a noticia.

Era de esperar unha nova polémica coma onte ou coma antonte. Pois non. Silencio. Abraiante silencio. Respectuoso silencio. Ata ficou mudo aquel que daquela subliñara a miña parvidade.

E chegados eiquí, cuando o reloxo xa me sinala coa máis grande das súas agullas, eu non sei con que palabras expresar o agradecemento que sinto. Fareino da maneira máis sinxela, como me ensinou Lola:

Gracias aos ilustres académicos que tiveron a ousadía de me propor. E gracias aos excelentísimos académicos que aceptaron tal proposta. É unha honra para toda a pequena bisbarra das Portelas que a Real Academia Galega conte con nós. A nosa autoestima pode empezar a nacer, que falta nos fai.

Só somos tres habitantes por cada kilómetro cuadrado. Tan espaxados andamos, que estamos afeitos a falar a berros. E a berros teño que darlle as gracias, señorías, de todos e cada un dos mil cincocentos galegofalantes zamoranos que vivimos na máis periférica das Periferias. Porque é a primeira vez que unha institución se lembra de nós. Non arranxa as estradas, pero esperta as nosas almas.

Gracias a vostedes, señorías, hoxe xa non me sinto carrixa. Hoxe síntome castañeiro. O castañeiro máis portentoso do Val de Lubián. Pasan a ser carrixas todos os trasgos eses das xaropas de linguas. Síntoas bulir entre as miñas follas danzando no vento.

—Estate quieto, castañeiro. Mira que me vou se non paras...

—Tanto me ten que te vaías como que te quedes. Para o que me pesas...

POR QUE ESTÓ CONTENTU
DE FALAR?

DOMINGO FRADES GASPAR

Egregias i dignísimas personaliaias, Ilustrísimus Señorís Académicus da Real Academia Galega, Señorás i Señorís, dacá i dalá que nos acompañeis en esti solemni actu. Mutísimas gracias, gracias.

Que esta humildi persoa que vos fala, con sesenta i oitu primaveraas ás costas, deseitu iá de “tientas”, sobreiru en un pequenu Lugal da Extremaúra “periferia das periferias” con que bautizó un intelectual purtugués a zona raiana lusu-española en que vivu, se encontrei hoxi entre vós, nun poi debelsi mais que â grandi generosiai galega, â humanísima amistai trabá con cuantus chegorin hasta nosu pequenu oasis da Fala que habíais pensau que é xustu concedelmi tan inmiricíu honor.

Aquel cura extremeño de Jaraicejo, lugar enraidau entre o naturalísimu Parqui Natural de Montfragüe i a central nuclear de Almaraz (¡Toma contrastis!), ena definición dos extremeños chegou a idel: “cada cual en sí metido / y contento en su rincón / vienen a ser, por perezza / los indios de la Nación”. Sempris me repateorin estis versus, aunque os interpretu benevolentimenti, porque pensu que respundian a sei autoanálisis persoal i social eno tempu i lugar aquelis. A outras Regiós españolas cantaba tamén Réquiem i Lamentacións de cuau cono que é pusibli supoñel era dos homis dispertus, que idía o griegu Heráclitu, que “nun tenin máis que un mundu” mentras os homis durmíus “tenin câ un sei mundu”. Galegus i extremeños hemus tíu que comel pan de mutus fornus.

Tal ve esis estereotipus i análisis prefijaus haian feito durmil anus i anus a tantas persoas, voluntariamenti o forzaus a galeiras enos maris da ignorancia i en isu se basi o atrasu enos cuñucimentus i recuñucimentus en tantus aspectus cumu esti do Galegu i a Fala das Vilas de As Ellas, Sa Martín de Trevellu i Valverdi du Fresnu, norticacereñas,

lindeiras con Salamanca i Portugal, uñías a tal país, o forti Sistema Central (Serra de Gata-Serra de Estrela) i separâs á forza por desencontrus instituciónais secularis, que os pequenus arroiús, tan escasus de caudal, nun han síu capá de levalsi, inda por deiantri.

En miña larga vía profesional, en Extremaúra i fóra dela, procurí sempre “insinal a pescar”, dos chinus, motivar, buscar solucións conos recursus propius i ajenus, nun durmilsí ena pasivai do “A ve...” tan extremeño do Sur, o do “Velei” do Norti. Aquela duda socrática, comu refrenda o italianu Mauroni, sempre é menus mâ que descansal enos erroris, algu que os clásicus romanus dexiaban sólu pâ os “insipientis”. A mí os “¿E logo...?” dos compañeirus galegus, sempre me foran mais íntimus i lógicus que esis “A Ve...”, que inda siguí sin chegar a lau niñún alá ni acá.

Debeis perdoal que esti largu introitu poera parecel que fali de mí, que anus ha pirdí agüelas que me alabaran, pero miña intención é falal de A FALA, que nun soi ei, aunque a mamara, cumu tantas outras persoas lagarteiras, mañegas i valverdeiras que a aman, practican, siglus ha, i a mantenin, valoran i difundin con orgullu i “sin pasión de parti a parti”; a defendin cumu meu de comunicación, relicariu de tradicións i saberis, continenti i significanti de tantu cuntiniu i significaus, que é o principal signu i marca de identiai de cuantus hemus naciú en esti Val do Riu Ellas, enas faldas de Xiálíma, a Serra d’As Ellas i a Malvana que, en sei colu acullía aquel Salvaleón (*Interamnium romana* pâ algun’os) que reconquistó Fernandu II, rei tamén de Galicia, i repobló i dó Fuerus Alfonsu IX.

Aquí quíría chegar i encetal tan sólu os meis afás por estudial i prestigial a NOSA FALA i contal en ela, nun solu súas reidis latinas-galegu-purtuguesas, sinón tamén as ramas, frutus, follas, fauna, cultura i patrimoniú de tó tipu que ela comporta.

Idía Unamunu, i está con él, que “Nun coñocí nin súa propia Lengua quen sólu a ela coñocí” i ha habíu i hai quen siguí buscandu “celtas” i “leonesis” pa chegar âs nosas vilas conos eureka dos seis descubrimentus hasta chegar algún, que culpó aos estudiosus galegus d’A FALA de vil a cunquistalnus, a presental fai dé días, en un Congresu en Cáciris, un’a Comunicación en que a bautiza cumu “otra ma-

neira de falal portugués antigo”. Menus mal que conos estipendius de seis estudius lingüísticos ha dexian iá de fuma Celta i se pasan aos rubius de Virginia.

Os pequenus traballus que a Asociación Fala i Cultura, da que formamus parti persoas de As Ellas, Sa Martín i Valverdi, que nun pretendi sel A FALA nin A CULTURA das tres Vilas i sí traballal dónde, cómu, cuándu i cuantu poi por esis temas, nacei fai un’a udia de anos i ha diu lograndu dignifical, prestigial, cambial actitudis, alcanzal reconñucimentu desti gran tesoiru que con un “Velei” te mostraban i guardaban eno axual das agüelas, contentus de mantelo i entre temerosus i meu avergonzaus a maiuría dos falantis anti a “cultura” i a “socieai”, “institucións” i visitantis que, a maiuría pasaban con cascus castellanus sobre os “vulgarismus, arcaismus e incultura” dos que o que tiñan que fel era “hablar en cristiano”.

Persoal i societariamenti foi pã nos un’a gran aligría, acicati, reconñucimentu, esperanza i logrus culturais, científicus, morais i hasta materiais, tel a sorti de topal con galegus, cumu Quique Costas, ao que nun poiremus reconñocel nunca sei xeitu, sabel fel, estal y vivil cunvindu con súas tropas, i otrus mais i de igual o mais valía que foran vindu a cunquistal aquilu que a Reconquista iá había dexiau aquí plantau i levaba siglus aletargau, cumu lagartu en invernu. Con algun’a excursión de entomólogos turistas que, sin restali xeitu algún, nun pasorin de “Velei” ao “¿ E logo...? ”, cumu Leite de Vasconcellos, Menéndez Pidal, Federico de Onís, Clarinda de Azevedo Maia, Alonso Zamora Vicente i poicus máis, que anos máis tardi, con otrus meius, circunstancias, actitudis i estudius de galegus, cataláns, xenti do Val, de Extremaúra, etc., A FALA chegou a reconñocersi por a Xunta de Extremaúra cumu BEN DE INTERÉS CULTURAL i algún de aquelis viaxeirus supervivientis logró cambiar, cumu sabius, intuicións por convincións.

A mutus galegus le nacei o interés por A FALA de sopetón, en contactus en “mili”, compañeirus de estudius, meius de comunicación. Foi pã algún “un susto en el camino” cumu dixiera Ortega y Gasset ao visital Coria, a Vella Ciai romana i lusitana, con sei acompañanti Pío Baroja.

Dos satisfactorius encontros i cunvivencias iniciais se pasaba a tridûs, novenarius i peregrinacións mutuamenti aproveitás por corpus

i almas dacá i dalá. Porque a valoración dos falantis de A FALA, nun sólu eno filolóxicu, se crecei cumu apreciu, interés i apertura de diafragmas que feía intercambial nun sólu conversacións sinón tamén usus, costumbris, tradicións, historia, gastronomía, etc. Sin coñocel a “O XOCAS” han brotau imitaoris que han sabíu uñil ao “verbu” as carnis do trillu, a esbagueira, o lagal, o muñu, o fornu, etc., i é normal chegal a un’a boiga de viñu familiar i falal en ela, “feitus carni”, aperus i utensilius que motivan os saberis de laboris, cultivus, economías domésticas, artesanías, etc., cumu si de un’a edición de vocabularius da Escuela de Hamburgu se tratara.

Cumu vos poeis vel, cono aquí ditu i uivíu, siría mais académicu habelmi díu por o F-inicial, os grupus C’L, F’L, P’L, a gramática, etc. Asistimus a un Encontru en Santiagu sobre “O galego no mundo. Latín en po” i foi pâ os que viñemos toa un’a confirmación do GALEGO universal i da galeguiaí de nosus falaris, ceibes pero galegos. Tampo cu he vindu a cital as grandis obras, autoris, feitos i grandedas de esta Galicia tan diversa i enciclopédica, porque nun precisan de mí un’a coma que lustru algu o que vos sabeis i asumís de ela.

Vel en Moaña, por exemplu, a Iglexa de San Martiño, con súa cru da Ordin de San Xuan de Jerusalem, con igual Patronu en mei Lugal nativu; a mesma dependencia daquela Ordin Hospitalaria; a mesma tradición da cata dos viñus novus eno 11 de Noviembrí; a mesma costumbri romana de poñel “o ramu” enas portas o ventans (*baedera in janua...*) significanti de que alí se vendi viñu artesanu, excedenti o non, son retazus de un’a Hospitaliaí, que sólu se aprecia, valora i propaga por os que tenin o godu de sintilos i percibilos, coñocelos i compartilos acá i alá, porque pasan directamenti âs inteligencias i vivencias de cualquera que sea conscienci de que as Lenguas son algu máis que palabras i “patrias”, cumu dixiera Albert Camus.

Sempris me asustó un poicu a interpretación que a tal frasi de Camus, cumu a da “Lengua del Imperio” de Nebrija, daban i dan algun’os, intelectuais o incultus, tratandu de creel o fel creel, con esta sola ferramenta, utopías, cotus cerraus, imposicións verticais, dogmatismus e inquisicións, que asfixian máis as mentis débilis dos que sólu ven palabras, i as súas, frenti aos que exprimentan a bondai de coñocel mais Lenguas i Xentis, falan i transportan cuñucimentus as súas in-

tiligencias con ollus, uivíus, olfatus i tactu, que precisamenti é a pillica de a persoa o sintíu mais ampliu do corpu.

Nun me atrevu hoxi a escribil eno Galegu mairi, aunque sé que abrí máis portas que si nun saíu da pequena choza do nosu Val da FALA, Galicia en miniatura.

O tempu aquí i agora é limitau, a sega i as facinas son largas i amplias. As arrugas da alma, que marcan a edai i as vivencias, van fendu perdel rigol a esa pillica i o equilibriu poi desarmonizalsi con aligrías i distincións inesperás, inmiricías, cumu esta designación de REAL ACADEMIA GALEGA, que se ha pasau de magnánima i misericordiosa.

Nun teñu máis remeiu que reiterar miña gratitú sinceira por tal nombramentu, conscienti de que é A FALA i os falantis das tres Vilas quen merecin esis honoris i pristigiu.

Me ubligu, reconozu i prometu, a traballal cuantu poia i sepa en as tareas necesarias i a buscal correspondencia de falantis e Instituciones a tais efectus.

Sé que un pobri iá maúru, nunca contentu nin satisfeito en sei rincón extremeño, nun estaría aquí si nun hubiera persoas i grupus que huberan treídu hasta aquí os pequenus presentis que se haian esforzau en fallar, valoral i vendel por amistai i cumprumisu. Gracias a os que delis coñozu i aos que non i han interviniu. Esperu nun quealos en ma lugar i perdoin de antemán os fallus seguros de un valor venal tan pequenu. Fernández Rei, Barreiro, Costas, Sarille i máis ilustris galegos, Salvador, Carrasco, Viudas, da UNEX, Gargallo, da UB, me eitarán de pinitencia as redus precisus a meis pecaus.

Perdón por esta abundancia bucal i cordial que chega a vós sinceira i dereita. É a fala de un pairi de seis fillus, que con súa mullel, han sabíu aguantal i animal mutas ilusions i desvelus, é a Fala de un fillu de mañegus que durmin eno Pais Vascu i Cataluña as esperanzas de encontrarnos, xenru de un'os sogrus lagarteirus que hasta Francia cultivorin en vía nosa Fala i Cultura. A tós elis, aos Concellus i Alcaldis do Val do Ellas, aos socius tos de Fala i Cultura, gracias de tō co-razon, porque elis i cuantus falamus son os que merecin o premiu de arrival con godu a esa Galicia mairi acolleora i aberta que desde o *Finis Terrae* ha sabiu chegal i volvel a tō o Universu mundu.

Só un lector de Job que sabi i vivi o día a día conscienti de que “Os meis días son nâ” i de que “¿qué é o homi pâ que en tantu o teñas?” A persoa se fai máis persoa entre persoas i esti naidi agradecei de corazón a acullía da ACADEMIA i de GALICIA pâ aportal o gran de polen que paguí a esa colmea i enxami i a entrâ i de forzas ao nucleu social que me ha admitíu gratis et amore. En un’a colmea incluso os dânganus cumplin un’a función que os ignorantis o minusvaloran. Que teña soidi i reaños pâ sel útil.

UN IDIOMA QUE NOS UNE

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

Excelentísimo señor Presidente da Real Academia Galega,
Excelentísimas señoras e excelentísimos señores académicos,
Ilustrísimos académicos correspondentes,
Señoras e señores, amigas e amigos:

A arbitraria división provincial que Javier de Burgos trazou en 1833 deixou fóra da Galicia administrativa o Bierzo occidental e a parte comprendida entre a Portela da Canda e a do Padornelo, que pertencían ó antigo Reino de Galicia; e tamén quedou fóra a galegófona Terra Eo-Navia do extremo occidental de Asturias.

Para os rexionalistas do século XIX a galeguidade lingüística e cultural das comarcas estremeiras con Galicia era incuestionable, como proba o feito de que o Consistorio dos Xogos Florais de Tui de 1891, presidido por Manuel Murguía, invitase “ós discretos trovadores e honorabres escritores de Galicia, d’o Bierzo e d’as outras vellas comarcas onde se fala ou é conecida a nosa lingua” a participaren neses Xogos. Os traballos tiñan que ser “rigurosamente inéditos y-escritos en gallego antigo ou moderno, berciano ou dialeuto d’o país asturiano comprendido entre o Eo e o Navia”.

Os galeguistas que redactaron o Estatuto de Autonomía de 1936 prevían no artigo 2º a posible agregación de calquera territorio limítrofe de características históricas, culturais, económicas e xeográficas análogas, mediante os requisitos que as leis xerais establecesen. Este artigo recolleríase nunha disposición adicional do coñecido como *Estatuto dos 16* (abril de 1978), que o Parlamento galego aprobou, pero que logo se rexeitou na Ponencia da Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados, polo que o actual Estatuto de Autonomía de Galicia non fai mención á posible agregación, sempre dentro da legalidade vixente, dos territorios estremeiros de lingua e cultura galega.

Se Murguía e o Consistorio dos Xogos Florais de Tui invitaban a participar os escritores das “vellas comarcas onde se fala ou é conecida a nosa lingua”, esta Academia soñada por Curros e polos galeguistas de La Habana, que tivo en Murguía o seu primeiro presidente, invita a participar neste extraordinario acto a xente que se criou nesa franxa longa coma unha cobra, “que desce desde a serra do Rañadoiro a morrer no Penedo dos Tres Reinos e que, maiormente, confóndese con toda Galicia pola lingua e a cultura tradicional e, verticalmente, pola unidade dos *corazois* e de todas as verbas que con eles rimen”, tal como definiu Méndez Ferrín a suma de terras, climas e paisaxes que forman as comarcas que estreman con Galicia.

Tamén invitou unha persoa dos somontes da serra de Gata en Cáceres, onde, en palabras de Lindley Cintra, se usa un “falar tamén esencialmente galego”, unha fala que os galegos “descubrimos” só hai uns anos. Trátase dunha ponla do galego medieval da que agromou un grupo dialectal formado polo valverdeiro, o lagarteiro e o mañego, que, a pesar das súas diferenzas, constitúen tres variedades dun mesmo “dialecto” que conta cunha elaboración moi incipiente. Nos anos 30 do século XX Isabel López Lajas, lectora de Rosalía de Castro, escribiu uns sainetes en valverdeiro, nun dos cales se refería á galeguidade lingüística da zona: “Non veis que comu temos esta fala galega quedrán guasialse”. Esa fala é o froito dun bacelo do Valdeorras (ou do Bierzo) ou dunha galliña de oliveira do val do Sil, que se transplantou na Idade Media á serra de Gata, onde predeu e segue con total vitalidade, sen que durante tantos séculos o forte sol e as duras xeadas da serra lle queimasen os seus gromos.

Non lles vou ler os méritos dos catro académicos correspondentes, porque os membros da Academia coñeceron e analizaron o seu currículo antes de proceder á votación para o seu nomeamento. Aínda así, permítanme unha breve mención a cada un deles.

O xeógrafo e etnógrafo Carlos Varela estudou os hórreos de tipo asturiano na montaña oriental galega e a toponimia eonaviega, e está a redactar un vocabulario dos concellos do Eo-Navia. É un indesmaiáble e tranquilo defensor da galeguidade do extremo occidental

de Asturias nos foros ós que acode desde Oviedo, con transbordos de alsas e castromiles. Cun moderno *power-point* mostra a paisaxe e a vida na serra e na mariña —os horros e os cabazos, as seimeiras e as freitas, as praias e o mar onde a xente anda ó aguillolo, ó carneirolo e á andarica—, para logo centrarse na realidade sociolingüística e en medidas inmediatas para frear a aculturación da comarca eonaviega, para el innegablemente de lingua galega. Puiden ver a Carlos e o seu *power-point* a finais do pasado outubro na casa do concello de San Martín de Ozcos, como antes o vira na Universidade de Salamanca ou en Santiago de Compostela, na sede do Consello da Cultura Galega.

O profesor Héctor Silveiro ten realizado un amplo labor de investigación e divulgación da música e da etnografía do Bierzo galegófono, con publicacións en galego sobre a festa dos maios de Vilafranca, á vez que coorganizou Congresos e Xornadas de Cultura e Lingua galegas no Bierzo, xeralmente no frío e nevado mes de decembro. Por iso cando algúns galegos iamos ou viñamos de Vilafranca a eses encontros tiñamos que mirar seguido para o ceo, porque non sabiamos que podería pasar, especialmente á volta; de feito, teño subido o porto de Pedrafita mentres escaramuzaba ou caía polvoriña, e logo ter que parar cando farrapaba copiosamente. Teño visto a Héctor, co seu traxe de gala de gaiteiro, manifestarse pacificamente nalgunha vila galega a favor da música tradicional fronte á invasión de bandas e saias escocesas, como o vin, co mesmo traxe, interpretar solemnemente o himno do antigo reino de Galicia con Marisa Cela e compañeiros da Escola de Gaitas que el fundou, no cemiterio de Cacabelos, diante da tumba de Fernández Morales, o militar liberal que en 1861 escribiu un longo poemario no galego do Bierzo, dous anos antes dos *Cantares gallegos* de Rosalía.

O profesor Felipe Lubián impulsou nos anos 80 do pasado século a Asociación Xente Nova de Lubián para difundir a cultura tradicional e dignificar a lingua das Portelas. Como mestre defendeu o uso do galego nas escolas que están entre A Canda e O Padornelo; como alcalde de Lubián logrou que, por unanimidade, o concello que presidía declarase o galego cooficial en todo o municipio; e como procurador nas Cortes de Castela e León defendeu, entre outras moitas iniciativas, a implantación da lingua galega como materia optativa nas zonas gale-

gófonas desa Comunidade, o que hoxe é unha realidade. A finais do pasado marzo, cando eu andaba pola raia facendo inquéritos para o *Atlas Lingüístico de Portugal* con xente do Centro de Lingüística de Lisboa, foi vir do Cambedo e de Oímbra e chamar a Felipe para ver se nos podía acompañar a Hermisende, e alá apareceu para estar connosco ata ben entrada a noite, para que coñeceramos xente de Hermisende e de San Cibrao. Non sei se ese día Felipe tiña pleno ou algunha comisión nas Cortes de Valladolid; o que lembro é que levaba canda el artigos que editara, ou que ía editar, nun xornal de Ourense e noutro de Zamora, tamén en galego, para defenderse de quen o atacaba, como tantas veces, por reclamar medidas para o galego das Portelas ou só por dicir que alí se falaba galego.

Domingo Frades foi axente de Extensión Agraria do Ministerio de Agricultura. Falante da variedade mañega, desde que tomou contacto co latín comezou a apreciar, escribir e recompilar vocabulario, costumes e poesía popular, á vez que divulgou a existencia da súa fala e impulsou a Asociación Fala i Cultura do Val do Río Ellas. É Presidente, desde a súa fundación en 1992, desa asociación, que nos seus estatutos alude á defensa do “galego de Extremadura”. É autor de publicacións sobre moi diversos aspectos da fala, da historia e da cultura dos somentos da serra de Gata, entre elas a monografía *Vamus a falal. Notas pâ coñocel y platical en nosa fala*. Coñecín persoalmente a Domingo en maio de 1999, cando en mañego se dirixiu ós asistentes do I Congreso da Fala, celebrado nos “tres lugaris”, e cando nos convidou ós galegos á súa “boiga” para agasallarnos coa súa conversa e co seu viño. Volvino oír falar en mañego na casa do concello de Moaña, o pasado mes de maio, e de novo hai un mes en Agolada, cando lle outorgaron o I Pendello de Prata. Ese día Domingo trouxo para os amigos galegos un novo libro, un rueiro mañego, con poesías en mañego das rúas dese fermoso e ben conservado lugar que é o seu San Martín de Trebello.

2

Estatutariamente unha das finalidades da nosa Academia é a defensa e promoción do idioma galego (artigo 2.d), entendendo por tal, como figura no artigo 4, “o propio de Galicia, así como as súas va-

riantes faladas nos territorios exteriores (Asturias, León e Zamora)”. Temos que recoñecer que fóra desta importantísima mención dos Estatutos do ano 2000, a Academia como institución ben pouco fixera polo galego das comarcas estremeiras.

A título particular hai académicos que, antes e despois de formaren parte da institución, desde hai anos participan en xornadas e actos organizados por colectivos e asociacións que traballan desde finais da década de 1980 pola normalización do galego estremeiro. Por outra parte, Francisco Fernández del Riego, cando era Presidente desta Academia, ó ser interpelado polo semanario asturianista *Les Noticias* sobre a filiación filolóxica da lingua falada entre o Eo e o Navia, deixou ben claro que alí se fala galego, palabras que subscribiría calquera académico. Decía don Paco en decembro do 1999:

Trátase d'un gallegu dialectal. Ye'l propiu idioma gallegu con variantes dialectales. La Galicia histórica, que llegaba a tol norte de Portugal, a Zamora, al Bierzu y a la parte occidental d'Asturies, anició un idioma común, con variedades dialectales, como nel casu de la zona Navia y Eu, de la que yo soi vecín, precisamente, porque nací en Lourenzá.

Sempre sentín admiración polo labor que o Institut d'Estudis Catalans e Euskaltzaindia, a Academia da Lingua Vasca, facían polo catalán e polo euskera falado fóra de Cataluña e de Euskadi, con mostras dun inequívoco compromiso con cadansúas linguas, á marxe da situación legal e administrativa.

Entre 1993 e 1996 a Sección Filolóxica do Institut realizou sesións académicas en Castelló, Menorca, Perpinyà e Andorra la Vella, e en 1999 en Calaceit e Fraga, na franxa de lingua catalá de Aragón. No ano 2001 membros da Academia da Lingua Vasca tanto subscribían un manifesto de apoio ó euskera no condado de Trebiño, enclave de Castela e León en Araba onde deixou de falarse vasco no século XVIII, como se solidarizaban cos veciños da Veiga do Valcarce “un enclave castellanoleonés de habla mayoritariamente gallega que ha solicitado la cooficialidad del gallego y del castellano”.

E en outubro do ano 2001, a Academia vasca desprazouse a Navarra, á vila de Lodosa na estrema con Logroño, onde hai séculos que xa non se fala euskera, para alí celebrar un plenario ordinario e unha

xornada de estudo sobre o vasco fóra de Euskadi, sobre o galego estremeiro e o catalán fóra de Cataluña. O motivo fundamental de Euskaltzaindia se desprazar á ribeira do Ebro era apoiar unhas ducias de país que estaban a montar unha ikastola, e asemade solidarizarse con quen defende o euskera en Navarra nunha xeira en que o goberno desa autonomía leva adoptado actitudes contra a lingua de Euskalherria, feito contra o que o plenario desa Academia se manifestou respectuosa pero enerxicamente.

Estiven aqueles días en Lodosa, invitado por Euskaltzaindia, e alí, falando cos académicos vascos da situación do euskera e doutros temas, pensaba no “Galicia sitio distinto” de Antón Reixa, á vez que me preguntaba cando a nosa Academia tería algún xesto público para os galegófonos que administrativamente non pertencen a Galicia. Ese xesto non tardou en chegar, cando o plenario desta institución se desprazou a Vilafranca do Bierzo, berce de frei Martín Sarmiento, para celebrar unha sesión extraordinaria do Día das Letras Galegas 2002, que se fechou con todo o teatro vilafranquino en pé cantando o himno galego ó son dunha gaita galega. E na liña de recoñecer a galegitude lingüística das comarcas estremeiras, esta Academia deu outro gran paso en outubro do ano 2004 co nomeamento de académicos correspondentes desas comarcas e do Val do Ellas.

3

Hai uns vinte ou trinta anos a situación lingüística do galego en todo o seu territorio era diglósica, coa presenza dunha lingua alta (a castelá) e dunha lingua baixa (a galega), mais en situación social conflictiva, co galego tratando de gañar ámbitos de uso prestixiosos.

En decembro do 2004 a situación do galego en Galicia é claramente macrodiglósica, semellante dalgún xeito á observada por Trumper nos anos 70 en situacións italianas caracterizadas pola superposición funcional de italiano (lingua alta) e de *dialetto* (lingua baixa) en certos contextos, pola presenza dunha *koiné* dialectal (lingua media) e pola abundancia de enunciados mistilingües, como ocurría no Véneto. A macrodiglosia de Trumper equivale á “dobre diglo-

sia superposta” que Fasold describiría posteriormente para a situación de Tanzania, onde unha fala local é lingua baixa respecto do swahili, pero este é lingua baixa respecto do inglés, que na súa variedade rexional tanzana é a lingua alta.

A tríade macrodiglósica en Galicia fórmana o galego enxebre e as variedades locais (lingua baixa), tradicionalmente con escaso prestixio social tanto para os propios falantes como para quen usa un galego apreso; o galego estándar (lingua media), variedade prestixiada para quen usa o galego enxebre e con certo prestixio para os castelanfalantes, porque representa o “urbano” e non o “rural”; e o castelán na variedade “rexional” de Galicia (lingua alta), que é realmente a lingua de prestixio para a gran maioría dos galegos, aínda que se fale con fonética galega e inzada de galeguismos morfosintácticos e léxicos. O castelán é o traxe de gala que fai esquecer o salitre ou o estume, e tamén a miseria e a dura vida en que se criaron xeracións de galegónos.

A situación xeral no Eo-Navia, no Bierzo, nas Portelas e no Val do Ellas, moi similar neste aspecto á Galicia de hai uns 30 anos, non é macrodiglósica, senón que segue sendo de diglosia conflitiva cun moi acelerado proceso de substitución do galego polo castelán, especialmente alarmante no Bierzo, como se viu na intervención de Héctor.

Esta situación xa de seu conflitiva vese acrecentada poderosamente cunha realidade de espazos comunicacionais estancos. En Porto (As Portelas) len *El Norte de Castilla*, e a escasos quilómetros, en Pradorramisquedo (Viana do Bolo) o que se le é *La Región*. Os medios de comunicación galegos (radio, prensa e televisión) deteñen o seu ámbito informativo na artificial fronteira administrativa, e isto contribúe a instalar fronteiras nos cerebros dos falantes da mesma lingua, a esgallar identidades históricas e naturais e a fabricar outras novas identidades artificiais. A RTG e a TVG deberían informar do que acontece nestas comarcas, porque estes medios naceron para potenciar a lingua galega, non só a lingua galega en Galicia, e para iso deberían contar con correspondentes nestas zonas.

O mesmo acontece co espazo cultural. Os circuítos culturais galegos (música, teatro, espectáculos varios) nunca ultrapasan a fronteira administrativa, de maneira que ós falantes destas comarcas difícil-

mente ou nunca lles chega cultura en galego desde cadansúas administracións. Deste xeito déixase o terreo fertilizado para a aculturación, a eliminación da cultura galega destas terras e a imposición dunha cultura única en castelán.

A falta de estima pola lingua fai que hoxe galegófonos bercianos, especialmente xente maior, consideren que a súa é unha “lingua de ignorantes”, falada “de portas para dentro”. É a lingua da intimidade, sobre todo de núcleos rurais, que tamén se escoita en Vilafranca nos regateos e en conversas illadas da xente maior que vén desde Corullón, Cacabelos ou A Veiga do Valcarce. A xente nova, aínda que, en xeral, non ten conciencia de falar galego, enténdeo ou coñéceo a través de seus avós e pais, para os que a súa propia lingua carece de prestixio. Disto falou Héctor, e ben.

No estudo que no ano 1997 realizou Ana Seco para o trazado da fronteira do galego en León e Zamora constatou que nos concellos bercianos máis afastados de Galicia, que usan o que Ana denomina “galego de transición”, a xente parece non ser consciente de que a súa fala está máis próxima ó galego, que se identifica coa lingua dos lugares de León próximos a Galicia. Os falantes deses concellos máis afastados da estrema din que empregan un *chaporreo* (ou *chapurriau*, *chapurreau*, *chaporreo*, *chaporreteo*...) entre galego e castelán, con palabras galegas; porén, os seus veciños de fala leonesa ou castelá din que estoutros estremeiros falan galego.

A situación do Bierzo contrasta co caso de Zamora. Segundo Ana, nos puntos galegófonos a xente di falar galego, agás no arraiano Calabor, onde se considera que falan medio portugués e medio galego, aínda que hai quen designa a súa fala como “mal hablao”, “al estilo del país”, “revolto”, “chapurreau” ou “sanabrés”. Cando hai case 30 anos estivemos nas Portelas para facer inquéritos do *Atlas Lingüístico Galego* a xente dicía que falaba galego; pero os de Porto, conscientes do seu illamento e das súas peculiaridades lingüísticas, dicían que falaban *portexo*.

No mapa do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)* de 1962, relativo ó nome dialectal da fala local dos puntos do Eo-Navia, vese que as respostas recollidas non foron nin galego nin asturiano, senón *chapurrado*, *chapurrau*, *chapurriado* e, no caso de Ibias, *ibiano*,

mentres que a medida que un se afasta cara ó centro de Asturias a denominación é *asturianu*. No moi detallado e practicamente definitivo estudo de Xoán Babarro sobre a caracterización das falas de transición entre o galego e o asturiano nos concellos de Navia, Villallón, Allande e Ibias recóllense testemuños de interese para ver cal é a conciencia lingüística nesa zona de transición entre galego oriental e asturiano occidental. En xeral, apréciase neses documentos orais que a xente non sabe realmente que lingua fala, aínda que a crenza dominante é que se fala galego ou tirando a galego, pero non asturiano.

Na zona de Cáceres, en palabras de Enrique Gargallo, a xente de Valverde do Fresno, que usa un idioma máis castelanizado, di que fala *valverdeiro* ou *chapurra(d)o*, e mesmo *cachiporra(d)o*, mentres que nos concellos das Ellas e San Martín de Trebello, con falas menos castelanizadas, empréganse os termos *lagarteiro* e *mañego* respectivamente, pero non o de *chapurra(d)o*.

O feito de que nas comarcas estremeiras e de fronteira a xente diga que fala mal, que fala galego *chapurrado* ou simplemente *chapurrado*, é resultado da secular prostración da lingua propia desas bisbarras e da conseguinte falta de estima polo idioma. É o que ocorría en Galicia antes do recoñecemento oficial do galego e da súa introdución e obrigatoriedade no sistema escolar e do seu uso nun medio como a TVG, que coas súas luces e as súas sombras, moito fixo esa canle pola normalización do galego.

Así e todo, o emprego de termos pexorativos como *chapurrado* e similares rexístrase noutras zonas de fronteira, como ocorre na *franja* aragonesa de fala catalá, pois no mesmo mapa do *ALPI* a que antes me referín, a resposta sobre o nome da fala local nuns puntos desa zona é *chapurreat*, *chapurriau* (e variantes) e en Benasque din que falan *benasquês*. Anos despois, a consideración sobre o nome do idioma era semellante nesa zona catalanófono, onde maioritariamente din que falan *chapurreau*, pero na zona pirenaica hai quen di que fala *patuês*; e os de Fraga, a vila máis grande da *franja* catalá, din que falan *fragatí*, como en Ibias dicían *ibiano*.

Hoxe en Galicia un pode tratar de vivir en galego, con maior ou menor éxito, pero cunha consciente e constante militancia, e con moita amable intransixencia. Porén, nas comarcas administrativamente non galegas, onde o galego tamén é lingua propia, existe un claro perigo de substitución lingüística, aínda que maior perigo é o avellentamento e a despoboación, sobre todo na montaña e na serra. En Porto, hai 30 anos había escola con varios mestres da zona de Toro e Salamanca, que nos dicían que lles custaba entender o alumnado, e non se referían só ó particular xeito de falaren nese concello das Portelas; pero hoxe non hai ningún neno en idade escolar en Porto. Daquela tamén habían nenos escolarizados en Hermisende, mais hoxe en San Cibrao de Hermisende xa non hai nenos e os dous que viven no propio Hermisende acoden diariamente á escola de Lubián. Hai unhas semanas nos Ozcos mestres eonaviegos falábanme da despoboación e de que as escolas rurais ían quedando sen nenos. E o mesmo podería dicirse de moitos lugares do interior de Galicia.

Se actualmente a lingua galega nas comarcas estremeiras e na serra de Gata ten unha mínima visibilidade débese ó indesmaiábel labor de xente como Carlos Varela, Héitor Silveiro, Felipe Lubián e Domingo Frades e das diversas asociacións de defensa da lingua e cultura galega creadas desde finais dos anos 80, que eles aquí simbolizan. Como xa indiquei, no caso de Castela e León lograron que en 1999 o galego fose recoñecido oficialmente no seu reformado Estatuto e que teña unha cativa, pero moi simbólica presenza nas aulas. No caso de Asturias, oficialmente o galego non existe, porque para a lingua da estrema con Galicia sempre se evita ese termo, que é tabú; úsase o ambiguo “galego-asturiano”, dando a entender que é unha mistura de galego e asturiano, pero que non é variedade do galego.

Nun artigo que publiquei o pasado novembro no semanario asturianista *Les Noticias*, de Oviedo, eu preguntaba se alguén me podía demostrar que nos concellos eonaviegos de Santiso e Taramundi, nas parroquias eonaviegas de Abres e Guiar (A Veiga) e Os Coutos (Ibias) e na localidade eonaviega da Trapa (Santalla de Ozcos) non se fala a mesma variedade galega das falas veciñas da Galicia oriental. E tamén preguntaba se

alguén me podía demostrar que en Grandas de Salime, na Asturias eonaviega, xa afastada da estrema con Galicia, non se usa un galego similar ó de Negueira de Muñiz, concello galego próximo á Fonsagrada.

No caso do Val de Xálima ou do Ellas “A Fala” no ano 2001 foi declarada Ben de Interese Cultural. Esta declaración concedeuna a Junta de Estremadura despois do esforzo de estudo e divulgación desa fala realizada durante tantos anos por xente como Domingo Frades e por outros que levan séculos usando e transmitindo, con moito orgullo, esa herdanza que os une lingüisticamente a galegos e a portugueses. Moitos galegos que nos últimos anos nos achegamos á serra de Gata, para falarmos con eles e gozarmos da súa inmensa amabilidade, da súa paisaxe, do seu ecolóxico aceite e tamén do seu viño, podemos dar fe do orgullo que lagarteiros, mañegos e valverdeiros teñen pola súa propia fala e da súa simpatía polos galegos.

As variedades da lingua galega hoxe fálanse en catro administracións do Estado español —Galicia, Principado de Asturias, Castela e León e Estremadura—, con catro distintas “velocidades”, cando o desexable sería irmos todos nunha única velocidade normalizadora.

5

Na súa intervención falaba Felipe da represión lingüística contra os nenos galegófonos das Portelas, sendo o represor, neste caso un ensinante galego. É a mesma represión que se exerceu contra xeracións de galegos, o que creou en nós un sentimento de inferioridade e inseguridade, o mesmo que ocorre noutras zonas onde hai unha lingua minorizada.

Nunha das súas entrañables cartas desde a cadea, escrita o 31 de decembro de 1928, o sardo Antonio Gramsci faláballe a seu irmán Carlo do ensino en italiano a nenos sardófonos que ignoraban a lingua do estado e comentaba a suposta superioridade que se daba nas escolas rurais sardas entre os nenos afeitos a falaren italiano na casa —mesmo pouco e mal, dicía Gramsci—, que parecen superiores (e máis intelixentes e despertos) verbo dos nenos sardófonos, escolarizados nunha lingua completamente nova para eles.

Un deses nenos sardos italianizados pola escola de Mussolini foi o poeta Franziscu Masala, nado en 1916, a quen hai uns anos puider oír

contar a súa historia en Casteddu, o Cagliari oficial. No texto en prosa “Fra storia e autobiografía” (1981), que aparece a xeito de limiar do seu libro de 1993 *Poesias in duas limbas (Poesie bilingui)* describía a orixe da diglosia e do conflito lingüístico que hoxe existe en gran parte da poboación sarda, á vez que denunciaba a desfeita da lingua e da cultura sarda polo monolingüismo en italiano:

Nacín nunha aldea de campesiños e de pastores, entre Goceano e Logudoro, na Sardeña setentrional e, na miña infancia, oín falar e falei unicamente en sardo: na escola elemental, o mestre, un home sempre vestido de negro, prohibiunos, a min e ós meus coetáneos, falar na única lingua que coñeciamos e obrigounos a falar en italiano, a “lingua da Patria”, díxonos. Así foi como, de vivos e intelixentes que eramos, chegamos a ser, todos, tontos e tristes.

En realidade, o sardo é a linguaxe do trigo, da herba e da ovella pero é, tamén, a *lingua dos vencidos*: nas escolas, non obstante, vén imposta a *lingua dos vencedores*, chamémola máis ben a linguaxe do petróleo e do alcatrán, isto é a lingua da burguesía italiana do Norte, que concluíu o Rexurdimento colonizando industrialmente o Sur pero convencéndonos de ter *unificado a Patria*. É ben verdade que, en Sardeña, os únicos “italianos” son os “intelectuais”, que falan en “italiano” pero comen en “sardo”.

Neste texto cambien vostedes sardo por galego, italiano por castelán e italianos por españois, e verán retratada a situación que viviron en Galicia algúns ou bastantes dos presentes e moitísimos ausentes, unha situación semellante á que se está a vivir nas comarcas estremeiras e no Val do Ellas, en Cáceres.

Somos moitos os que hoxe nos congratulamos de que a Academia Galega comece a recoñecer publicamente o labor de xente que como Carlos, Héctor, Felipe e Domingo, con moita xenerosidade e con moito sacrificio persoal, trata de manter vivo o lume da galeguidade lingüística máis alá da Galicia administrativa.

Hoxe, nesta casa de Murguía e Pondal, de Cabanillas e Castelao, de Otero Pedrayo e Cunqueiro, nesta casa que moitos arelamos que sexa a máxima institución cultural de Galicia, nesta casa de todos os galegofalantes xa está presente toda a Patria da Lingua, á marxe de consideracións administrativas.

Saúde e Patria.

ÍNDICE

A INOCENCIA DA LINGUA CARLOS XESÚS VARELA AENLLE	7
DOS MEGOS NOS SOUTOS HÉCTOR M. SILVEIRO FERNÁNDEZ	13
A CARRIXA NO CASTAÑEIRO FELIPE LUBIÁN LUBIÁN	23
POR QUE ESTÓ CONTENTU DE FALAR? DOMINGO FRADES GASPAR.....	29
UN IDIOMA QUE NOS UNE FRANCISCO FERNÁNDEZ REI	37

Este libro,
A HERDANZA DA LINGUA.
O GALEGO DE ASTURIAS, LEÓN, ZAMORA E CÁCERES,
rematouse de imprimir
o día 16 de decembro de 2004.